

Asinado o XV Convenio colectivo estatal de centros de atención a persoas con discapacidade e as táboas salariais de 2019 a 2021

A CIG-ensino non asinou este XV convenio por involutivo e regresivo, por non dar respostas ás demandas salariais e laborais dos traballadores/as do sector e por carecer de negociación real unha vez máis, asumindo as esmolas dunha patronal impositiva

O convenio foi asinado polas patronais **AEDIS, CECE, ANCEE e EYG** e os sindicatos **CCOO e UGT**.

Desde CIG-ensino por coherencia na nosa acción sindical, referendada polos traballadores/as que representamos, non subscribimos este XV convenio xa que non dá resposta ás nosas reivindicacións tanto no ámbito salarial como no de dereitos laborais. Este XV convenio resulta incluso **involutivo e regresivo** nalgúns aspectos como a **xornada laboral e a antigüidade**, pois esta última desaparecerá do convenio e a xornada semanal desregularizárase, significando isto dous feitos históricos na involución dun convenio. O resto do articulado son adaptacións legais por aplicación de normativa.

Nos salarios, a suba, a parte de **discriminatoria** (polas diferenzas porcentuais) **é insuficiente** ao non cubrir a recuperación de poder adquisitivo acumulado perdido desde a sinatura do XIV convenio (lévase acumulada unha **perda do 7,5%** desde as táboas de 2011 até 2018, o que para unha **coidadora** supón **perder máis de 8.000€** neste período), polo que se consolidan estes recortes. Así mesmo non se incluíu unha **cláusula de revisión salarial que garanta o IPC futuro**, pois a que introducen consolida a perda de poder adquisitivo nas futuras táboas. O texto do convenio di literalmente *“caso de non chegar a acordo na revisión salarial en 3 meses aplicarase o 50% do IPC que corresponda ao salario e outro 50% aos niveis de desenvolvemento profesional (NDP que serán dous: N1 e N2)”*.

Na **antigüidade**, cobraranse os **dous últimos “trienios”**, cambiados de nome por terceira vez,



e que “envolven” moi ben dicindo que eliminan a avaliación dos CDP, que as porcentaxes de suba son altas co 7,5% e o 5% (pero **absorben o CDP que se cobra actualmente até un 5,6%**) e non o fin da antigüidade ao acadar os traballadores/as os 2 próximos NDP, N1 e N2, e a partir de aí non haberá máis “trienios” por antigüidade.

Na **xornada**, outra involución ao cambiar a xornada máxima semanal por **“xornada de referencia semanal”**, quedando a mesma ao gusto da patronal. A cambio faise unha redución da xornada anual insignificante, ridícula e insuficiente xa que esta estaba inflada e os traballadores/as demandaban como mínimo **o axuste da xornada semanal coa anual** (que debería ser, **como máximo, de 1700- 1680h. anuais nos centros de emprego e asistenciais**, respectivamente). Logo nos centros educativos fanse outras reducións, pero moi lonxe das xornadas que hai no convenio da concertada,

coas que se deberían equiparar, como si fan cos incrementos nas táboas salariais por interese das patronais (aplican subas dos PXE no canto de poder negociarlas).

Con respecto a **outras reivindicacións**, que compartiamos a parte social nas distintas plataformas, quedaron esquecidas en todo o proceso negociador, sendo importantes e demandadas polos nosos representados/as: **horas extras, plus de transporte, descansos diarios e semanais, complementos de penosidade e toxicidade, complemento de gratificación por vinculación coa empresa** (cobrar o 7% do salario cada 12 anos na empresa), **nocturnidade, turnicidade...**

Para finalizar, no resto do articulado simplemente se fixeron **adaptacións legais á normativa actual**, non conseguindo nin unha soa mellora significativa, nin tan sequera en melloras sociais (que non tiñan custe económico) como demandabamos na nosa plataforma reivindicativa: a **redución de xornada para maiores de 55 anos, melloras nas excedencias, revisións médicas anuais, enfermidades profesionais, roupa de traballo, regulación do voluntariado, vacantes, promoción**

interna, criterios nas reducións de plantillas, maior regulación dos contratos laborais para evitar fraudes, limitar a contratación temporal (as subcontratacións e as ETT'S), **permisos non retribuídos, diversidade funcional, regulación das infraccións dos empresarios, medidas de igualdade e contra a violencia de xénero...**

Por todo o exposto, xunto con outras das reivindicacións históricas da CIG-EnsinO como eliminar as restricións que se fan no convenio actual para a negociación noutros ámbitos diferentes do estatal, marcando materias concretas que son negociables e outras que non, e que na Comisión Paritaria deben estar todas as organizacións negociadoras e non só as asinantes do convenio, ademais de que non poden ter funcións que son propiamente de negociación colectiva na mesa, desde CIG-EnsinO non imos asinar este XV convenio. No seu contido afonda aínda máis no XIV convenio, con mínimas variacións en positivo, e un continente (como envoltorio) moi bonito pero enganoso, que se resume en "pan para hoxe e fame para mañá". De feito, os nosos delegados/as en representación de todos os seus compañeiros/as, que nos fan maioritarios en Galiza, desbotaron por unanimidade asinar este convenio.



OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, Baixo
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal